



# CONCRECIÓN CURRICULAR 2024-2025



## INDICE

ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS AO CONTEXTO DO CENTRO .....	2
CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS .....	4
CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS .....	6
CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA .....	7
CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E OS RECURSOS DIDÁCTICOS .....	8
CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA .....	8
CRITERIOS PARA O DESEÑO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS .....	9
CRITERIOS PARA O DESEÑO DE PLANS DE REFORZO DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES .....	9
CRITERIOS PARA O DESEÑO DE PLANS ESPECÍFICOS PARA ALUMANDO REPETIDOR .....	10
CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN .....	10
CRITERIOS OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA .....	12
CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DE PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS .....	13
CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS .....	14
PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR .....	15

## 1) ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS AO CONTEXTO DO CENTRO

### 1.1) Educación Secundaria Obligatoria

Organizada en 4 cursos, contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan adquirir os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo.

Os obxectivos son os seguintes:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores común dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos.

e) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas.

f) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

g) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

h) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

i) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

j) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

k) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

l) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 1.2) Bacharelato

O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver función sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.

Os obxectivos son:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia.

b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe

racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

m) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## **2) CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS**

O perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico é a ferramenta en que se concretan os principios e os fins do sistema educativo galego referidos ao devandito período. O perfil identifica e define, en conexión cos retos do século XXI, as competencias clave que se espera que as alumnas e os alumnos desenvolvesen ao completar esta fase do seu itinerario formativo.

No perfil, as competencias clave da Recomendación europea vinculáronse cos principais retos e desafíos globais do século XXI aos que o alumnado se vai ver confrontado e ante os que necesitará desenvolver esas mesmas

competencias clave. Do mesmo xeito, incorporáronse tamén os retos recollidos no documento Key Drivers of Curricula Change in the 21st Century, da Oficina Internacional de Educación da UNESCO, así como os obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en setembro de 2015.

A vinculación entre competencias clave e retos do século XXI é a que lles dará sentido ás aprendizaxes, ao achegar a escola a situacións, cuestións e problemas reais da vida cotiá, o que, pola súa vez, proporcionará o necesario punto de apoio para favorecer situacións de aprendizaxe significativas e relevantes, tanto para o alumnado como para o persoal docente. Quérese garantir que todo o alumnado que supere con éxito o ensino básico e, polo tanto, acade o perfil de saída saiba activar as aprendizaxes adquiridas para responder aos principais desafíos a que deberá facer fronte ao longo da súa vida

A metodoloxía, contidos e os principios pedagóxicos contribuirán a que ao final da etapa se adquiren as seguintes competencias:

- a) Ser capaces a expresarse de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais.
- b) Ser capaces de Comprender, interpretar e valorar con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.
- c) Poder ler con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade.
- d) Usar eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas.
- e) Saber utilizar métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas.
- f) Ser quen de utilizar o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor.
- g) Saber emprender accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos.
- h) Ser capaces a xestionar e utilizar a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas

dixitais, seleccionando e configurando a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.

i) Poder comprender os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, recoñece condutas contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas.

j) Saber realizar autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes.

k) Saber demostrar respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.

l) Ser capaces a desenvolver o proceso de creación de ideas e solucións valiosas e tomar decisións, de maneira razoada, utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido

### **3) CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Poñerase especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

A intervención educativa buscará desenvolver e asentir progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas.

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente

#### 4) CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA

Para a adquisición das competencias e o logro dos obxectivos definidos nos puntos anteriores haberá que tomar unha serie de puntos de partida que terán en conta: a **contribución que cada materia** faga a través das súas programacións didácticas, e por outro lado, tomando **medidas non curriculares** relacionadas coa organización e funcionamento do centro, o plan de acción titorial, o plan de convivencia, a planificación das actividades extraescolares e complementarias, a relación coas familias, etc.

A metodoloxía empregada por cada docente, partindo da liberdade de cátedra individual, terá en consideración o fomento do uso das novas tecnoloxías e da aprendizaxe práctica dos contidos.



Para o primeiro, promoverase o uso da aula virtual e da procura de información na rede, como instrumento de formación no manexo das novas tecnoloxías de xeito autónomo.

Para o segundo animarase ao alumnado a que faga procuras por si mesmo, tanto co uso de fontes bibliográficas, como, sobre todo, co uso de fontes existentes en Internet.

## **5) CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E OS RECURSOS DIDÁCTICOS**

O criterio fundamental para a selección de materiais e recursos didácticos é que estes serán variados e en concordancia coa idade e nivel do alumnado correspondente.

Entre os materiais haberá tanto os de soporte papel de uso individual: libros de texto, fotocopias, cadernos, libros de lectura, etc.

Como tamén, os de soporte dixital, de uso individual (ordenadores, lapis de memoria, etc), ou colectivo (canón de proxección).

En cada aula o alumnado disporá de, polo menos, un canón e un ordenador con conexión a internet; asemade, na biblioteca poderanse consultar as fontes bibliográficas existentes no catálogo de libros, como tamén manexar ordenadores para procura e/ou consulta de información.

## **6) CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA**

A oferta educativa do centro será a seguinte:

- ESO: de 1º a 4º, con grupos de PDC en 3º e 4º curso. Participación tamén no programa PROA+ para o alumnado de 2º, 3º e 4º.
- Bacharelato: oferta de 3 modalidades: Ciencias e Tecnoloxía, Xeral e Humanidades e Ciencias Sociais.
- Ciclos Formativos: Ofertaranse ciclos de 2 familias: administrativo e informática. En administrativo: grao medio de Xestión administrativa e superior de Administración e Finanzas (ordinario e dual); en informática: Ensinanzas Básicas na especialidade de Informática e Comunicións, e ciclos superiores (Administración de Sistemas de Redes e Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma)

## 7) CRITERIOS PARA O DESEÑO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As actividades complementarias son aquelas que se desenvolven dentro do horario lectivo.

Polo tanto son de asistencia obrigatoria para o alumnado, sempre e cando non supoñan ningún custo adicional para eles.

A súa organización rexerese polo principio de distribución equilibrada ao longo do curso para cada curso e/ou nivel educativo, de tal xeito que non se sobrecargue un trimestre ou curso/nivel respecto aos demais.

Cada departamento, baixo a coordinación do de extraescolares dependente de vicedirección, planificará ao comezo de curso o programa de actividades complementarias a desenvolver. Estas actividades estarán relacionadas co currículo do curso/nivel ao que vaian dirixidas, polo tanto adecuaranse ao recollido nas respectivas programacións didácticas.

Para favorecer o desenvolvemento das actividades promoverase a súa interdisciplinaridade.

## 8) CRITERIOS PARA OS PLANS DE REFORZO DAS MATERIAS PENDENTES

O alumnado que teña pendente de superar unha materia, ou materias, de cursos anteriores, recibirá a comezos de curso unha ficha segundo o modelo seguinte:

PLAN DE REFORZO	
NOME:	
CURSO:	
INFORMACIÓN RELEVANTE	
CURRÍCULO	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS	
RECURSOS	
TAREFAS	
SEGUIMIENTO	
INFORMACIÓN FAMILIAS	

O seguimento deste alumnado con materia ou materias pendentes será responsabilidade do docente que imparta esa materia.

## **9) CRITERIOS PARA OS PLANS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PAR ALUMNADO REPETIDOR**

O profesorado seguirá o recollido no informe de avaliación final, así como no informe de medidas de reforzo, se estas tivesen lugar, para ter unha referencia informativa que lle sirva de base á hora de planificar as actividades, traballos, medidas de reforzo e todos aqueles aspectos que deban ser tidos en conta á hora de facer a programación de aula.

### **10) CRITERIOS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN:**

#### **10.1) ESO:**

##### **10.1.2) AVALIACIÓN**

A avaliación será continua, formativa e integradora.

Dentro do proceso de avaliación continua, cando o progreso do/a alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas poderán ser adoptadas en calquera momento do curso.

Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a práctica docente.

Como integradora, a avaliación terá en conta a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída.

Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

A cualificación final será expresada en números enteiros entre o 1 e o 10. No caso de cifras decimais redondearase ao número enteiro máis próximo.

##### **10.1.3) PROMOCIÓN:**

- a) Ter superadas todas as materias.
- b) Ter avaliación negativa en non máis de 2 materias (contando as pendentes de cursos anteriores)

c) Tamén, se o equipo docente o considera, sempre que cumpran todas estas condicións:

- Media aritmética de todas as materias nas que estea matriculado igual ou superior a 5.
- Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas permite seguir con éxito o curso seguinte. Considerarase que, se as materias non superadas teñen 3 ou máis horas lectivas semanais e entre elas suman máis de 10 períodos da carga lectiva semanal completa, non permitirá seguir con éxito o curso seguinte.
- Que o equipo docente considere que hai expectativas favorables de recuperación.
- Que o equipo docente considere que a promoción beneficiará a súa evolución académica.

#### **10.1.4) TITULACIÓN:**

- a) Ter superadas todas as materias ou ámbitos cursados.
- b) Tamén se o equipo docente considera que cumpre todas estas condicións:
- Media aritmética de todas as materias nas que estea matriculado igual ou superior a 5.
  - Que o equipo docente considere que adquiriu todas as competencias establecidas.
  - Que o equipo docente considere que alcanzase os obxectivos de etapa.

#### **10.2) BACHARELATO:**

##### **10.2.1) AVALIACIÓN**

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que determine a consellería con competencias en materia de educación.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

A cualificación final será expresada en números enteiros entre o 0 e o 10. No caso de cifras decimais redondearase ao número enteiro máis próximo.

#### **10.2.2) PROMOCIÓN:**

- a) Ter superadas todas as materias.
- b) Ter como máximo 2 materias suspensas das que o alumnado ten que cursar como mínimo.
- c) Con máis de 2 materias suspensas haberá que repetir o curso completo, no caso de 1º; en 2º curso poderase optar por repetir curso completo ou só matricularse das materias non superadas..

#### **10.2.3) TITULACIÓN:**

- a) Ter avaliación positiva en todas as materias.
- b) Excepcionalmente cunha materia suspensa cumprindo todas as seguintes condicións:
  - Que o equipo docente considere alcanzados competencias e obxectivos establecidos.
  - Que non houbo inasistencia continuada e non xustificada do/a alumno/a na materia. Considerarase que hai inasistencia a unha materia cando o número de faltas sen xustificar sexa igual ou superior ao 50% das horas anuais desa materia.
  - Que o/a alumno/a se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
  - Non presentarse a algunha das probas ou ter entregado máis do 75% das probas en branco, ou cunha cualificación de 0, supón que non se cumpre o establecido no punto anterior.

- Que a media aritmética en todas as materias cursadas na etapa, requiridas como mínimo para ter o título de bacharelato, é igual ou superior a 5.

## 11) CRITERIOS OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA

### 11.1) ESO:

Para obter matrícula de honra ao rematar 4º de ESO haberá que cumprir as seguintes condicións:

- a) Ter nota media de 4º igual ou superior a 9.
- b) Número máximo de matrículas: será o número enteiro máis próximo ao 5% do alumnado do curso.
- c) Menos de 20 matriculados: poderá concederse 1 matrícula.
- d) No caso de haber máis candidatos/as que número de matrículas os criterios serán por este orde:
  - Maior nota media en 4º de ESO.
  - Maior nota media en todos os cursos da ESO.
  - Maior nota media en 3º ESO
  - Maior nota media en 2º ESO
  - Maior nota media en 1º ESO.
  - Sorteo na sesión da avaliación final.

Para o cálculo da media non se terán en conta as materias de Proxecto Competencial e Relixión.

### 11.2) BACHARELATO:

Para obter matrícula de honra ao rematar 2º de Bacharelato haberá que cumprir as seguintes condicións:

- a) Ter nota media en 2º bacharelato igual ou superior a 9.
- b) Número máximo de matrículas: será o número enteiro máis próximo ao 5% do alumnado do curso.
- c) Menos de 20 matriculados: poderá concederse 1 matrícula.
- d) no caso de haber máis candidatos/as que número de matrículas os criterios serán por este orde:
  - Maior nota media en 2º de bacharelato.
  - Maior nota media no bacharelato.
  - Maior nota media en 1º de bacharelato.
  - Maior nota na materia propia de modalidade de 2º bacharelato.

- Maior nota media nas materias comúns de 2º de bacharelato.
- Sorteo na sesión de avaliación final.

## 12) CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E A AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS

Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das materias ou ámbitos seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

As programacións didácticas incluirán como mínimo os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da materia ou ámbito, segundo o caso, e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
- d) Metodoloxía.
  - Concrecións metodolóxicas.
  - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
  - Procedemento para a avaliación inicial.
  - Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.
  - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversal.
  - Concreción dos elementos transversais.
  - Actividades complementarias.
- h) Práctica docente.
  - Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
  - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

### **13) CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS**

O centro, a través da dirección, promoverá a participación, tanto do alumnado como do profesorado, en aqueles proxectos, plans e programas que se consideren de interese para a formación dos membros da comunidade educativa.

Así, ao respecto da formación en linguas estranxeiras, o centro ten recoñecido ser centro examinador de Trinity College, para as probas de certificación de nivel de inglés. Promoverase, sempre que a Consellería conceda a axuda, a participación do alumnado de 4º ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos superiores, nesas probas.

O alumnado de ciclos terá a posibilidade de participar no programa Erasmus+, para realizar as prácticas de formación en empresas noutros países da Unión Europea.

### **14) PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.**

Esta concreción curricular será revisada e avaliada ao finalizar o curso por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica, que procederá logo a trasladar ao claustro aquelas medidas de mellora ou modificacións para que este proceda á súa aprobación.

A comezos de cada curso será sometida a votación en claustro e posta logo en coñecemento do Consello Escolar, así como tamén, a través da páxina en internet do centro, do alumnado e das súas familias.